



MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO	CONFEDERACION HIDROGRAFICA DEL MIÑO-SIL
REGISTRO DE ENTRADA	OFICINA OURENSE
15/06/2011	09:40:09
 E065201100003052	

[REDACTED] con DNI [REDACTED] en nome e representación do Movimento Ecoloxista da Limia e no que atinxe a comarca da Limia en relación o Proxecto do Plan Hidrolóxico da Conca Miño-Sil, formula as alegacións que seguen:

- 1- O estudo dos valores naturais da Conca do río Limia, especialmente no tramo da Alta Limia (Lagóa de Antela) debe ser más detallado, dado que o mesmo é básico de cara establecer as medidas de xestión oportunas.
- 2- A masa de auga subterranea (acuífero) non queda suficientemente definida nin na súa extensión nin na sua fraxilidade. Infravalórase a sua importancia e se pasa por alto a sua grande vulnerabilidade. Non se fai fronte a principal problemática actual que é a forte incidencia sobre a calidad da auga da actividade agraria que se desenvolve na Limia baseada en aportes excesivos de fertilizantes e aplicación indiscriminada de puríns procedentes das explotacións intensivas de porcino e aviar.
- 3- En todo o Proxecto non se fala en ningún apartado, ainda que só fose a nivel de reseña histórica, da existencia da Lagóa de Antela. Desbotase calquer intento de recuperación parcial e ignórarse a existencia de numerosos humedais estacionais que se interrelacionan co río Limia e o seu Acuífero.
- 4- Como único humedal na comarca nomeanse as Veigas do Limia, no concello de Trasmiras, humedal que nos últimos anos tense drenado e desecado. Ao respecto nin a Administración Galega nin o Organismo de Conca adoptaron as medidas pertinentes de cara a súa protección.
- 5- Actualmente e a raíz das explotacións de áridos existen unhas trescentas hectáreas de lámina de auga (areeiras da Limia) que ainda que con diferencias significativas con respecto a unha Lagoa (fondura, vexetación...) si poden convertirse parcialmente nesa recuperada Lagóa de Antela que amplos sectores da sociedade Limiá reivindican. Sobre a existencia das mesmas, a súa importancia e medidas de conservación nada se aborda no Proxecto do Plan Hidrolóxico. **Solicitamos que tanto a Canle de Antela como as propias areeiras sexan declaradas e incorporadas como parte do Dominio Público da Conca.**



- 6- As Veigas de Ponteliñares e o LIC Veigas de Ponteliñares deben ser obxeto dunha protección específica por parte do Organismo de Conca xa que ainda hoxe conservan intactas a suas características como humedal: existencia de bosques pantanosos, uceiras húmidas, presencia de eryngium viviparum, asolagamento estacional prolongado, presencia / nidificación de numerosas especies de avifauna ligada a ambientes lacustres....
- 7- Cremos que na Comarca da Limia é compatible o desenvolvemento dunha agricultura moderna pero respetuosa co seu rico patrimonio ambiental. Cremos que unha das maiores riquezas que ten a comarca é a auga tanto do seu río como do seu acuífero. **Pedimos que esta riqueza non se pase por alto ou se trate dun xeito tan superficial nun documento que vai ser peza clave na sua protección futura.**



SEÑOR PRESIDENTE DA CONFEDERACIÓN HIDRÓGRAFICA DO MIÑO/SIL